



O FARELO

Nº 48

Decembro de 2020

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

A Biblioteca de Sober recibe o premio María Moliner do Ministerio de Cultura



Páxina V

O libro "Confinados" presentouse na Casa do Patrón, de Lalín



Páxina VI

Un parque de lecer en Cachamuíña, Pereiro de Aguiar



Páxina IX

O Concello de Monforte axuda ó comercio e á hostalería



Páxina X

Plan Director para o mantemento da Muralla de Lugo



Páxina XII

O mosteiro de Oseira terá un novo albergue de peregrinos



Páxinas XIII



A RAG celebra a protección da biblioteca de Emilia Pardo Bazán

Páxina IX

Revista Cultural **Nós, a Xente do Redor**

Suscríbete en
Tlf. 988 60 70 75



lámina de agasallo
do pintor Paco Ascón



Opinión

Por Avelino Jácome

Nelida e Marián o Espírito do Nadal

Negriño, Pintado, Fuciño Branco, Estornioño... Os da rua non teñen nome, niquen os bautiza, son os do refugallo. Son demandantes de casa e de fogar, de agarimos e de caixón de area. Son os dos ollos de Lúa, os do cumareiro do Barbaña. Hainos negros e brancos, da cor da cinza e da cor da area, tintados de ouro e de prata. E os ollos escintilanlles na noite detrás dun ramallo ou no caixón do lixo, como estrelas novas lle parecen a ela. Non hai Constitución cos ampare, nin igrexa, nin santuario onde recen por eles.

Os de Ourense teñen unha santiña avogosa, si, xa sei vino nas noticias, morreu. Esvararonlle os pes e caeu no leito do río, a súa cabeciña bateu ca pedra onde se pousara a Perliña, a mais pequena da camada, unha gatiña fermosa que miaña seguido. E ela pensou, vanse

asustar os meus pequeniños. Marián e así pensa en todos, coñeceos a cada un polo seu nome, polo xeito de andar, de miañar, chegalle con verlle puntiña do rabo, para saber quen e quen.

"Luciña" estaba un pouco pachucha, por iso lle trouxo comida especial, unhas papas de millo, para que coma brandiño, "secadra comeu algunha porcallada e fixolle mal". Achegouse para collela no colo, e a zapatilla escorregouse, cando se deu de conta xa estaba en caída libre o baleiro... O baleiro asusta moito, non ten asas, non ten polas, non ten nada... "Coma os gatiños meus, os da rua en Marcelo Macías en Erbedelo, sempre viven no baleiro". "E se lles falta eu.. quen lles coutará o baleiro?"

Derrame cerebral, no cuarto do hospital, non sufriu nada dixo o medico. Escoitaronse laios miañeiros, na sala de espera, e na segunda pranta, en urxencias e ata na ca-

feteria.

E nas ruas cen millóns de gatos están chorando, pequeniños e grandes, todos ordenadiños en ringleiras... E Marián a cabalo dunha estrela, nun cadaleito de prata, con cabazas cheas de flores de sabugueiro e papoulas brancas, viaxa camiño do ceo dos gatos.

Nas xanelas de cada casa están os seus irmans, os de dentro; os que non pasan frío, os da xaula de ouro. Hoxe tamen quixeran ser da rua para despedila, quixeran ser dos solitarios por un día, para poder sentir os agarimos da Deusa dos gatos.

Cando alguen como Marián viaxa o alén, As Burgas choran, cada día a mesma hora do seu pasamento, en punto, sempre en punto, a auga arrefriase e callase no bico da fonte, despois oise un estalo na catedral e nos tellados un coriño de gatiños novos rezan unha pregaría... Mentres no Liceo, no salón Nobre, algun poeta recita un poemíña a Marián... Os gatos da rua, as tolas dos gatos e os poetas, teñen moitos parecidos.

Hai uns días morreu outras das miñas nais en Ribas do Asneiro, non poiden

achegarme a despedila, son tempos de peste, de mala peste.

Miña naiña Nelida como coidaches de min; Cando eu era un gatiño mais na xeadade de fora, non che dixen moitas veces canto te quería, ti sabialo con so mirarme os ollos.

Estos días de atrás estiven en Codeseda e quería subir a casa de meu irman Suso, non tiven folgos, lembreime que ti xa te foras da casa da Canella, para a outra casa que o noso Deus che tiña arraxada, onde estan todos os que che se foron antes, e non quixen subir a Costa de "Rompeticús" para despedirme. Senón che digo adeus aínda non te irás de todo, mais o ver a nova da morte de Marián, pensei cas persoas así non morredes nunca; sodes coma o noso Asneiro querido, unha corrente de paz e agarimos constante, sodes e sedes sempre o Espírito do Nadal.

(Dedicado a miña nai Nelida en Ribas do Asneiro e a Marián a nai de todos os gatos, nas Burgas, dous ríos de amor).



Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

Arquivos municipais

Celebrouse días atrás un xuízo no Carballiño contra un exalcalde e catro rexedores máis no que tiveron que declarar ao pé de 60 funcionarios municipais. Unha das funcionarias declarou que "no arquivo do Concello pode entrar calquera, non ten unha grande dificultade. Desde a rúa podería entrar calquera e non se decatara ninguén". Total, que aquel arquivo era un pendello. Tanto, que ela presenciou "como a documentación era tirada en carretillas ao camiño da brigada de obreiros". Eu pensei que exemplos coma os descritos xa non existían. Pero si que os hai.

Lembro como no Concello de Redondela os funcionarios accedían ao fallado da Casa do Concello e desde alí guindaban os expedientes a través dun ventanuxo que daba á torre anana almeada, porque no termpo da súa construción non houbera diñeiro para poñer unha fileira máis de perpiños segundo me contara o construtor. Nunca vira tal na miña vida. Ali estaban espaxados polo chan empoeirado centos de expedientes.

Acababa eu de ingresar na función pública e a primeira vez que mirei aquilo fíxome pensar que todos os concellos de

Galicia, agás os das grandes cidades, deberían estar nas mesmas condicións. Aínda así, para cerciorarme púxenme en contacto cunha ducia significativa deles. En todos, o arquivo era unha dependencia na que se amoreaban centos de expedientes en completo desorde.

Levado polo meu entusiasmo púxenme en contacto co director do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Pedro Gómez López. Leveino ao faiado e mirou abraído o descrito anteriormente. Comentoume que a mala situación dos arquivos municipais debíase a unha falta de organización dos documentos e un servizo non idóneo; documentos atacados pola humidade e organismos xilófagos.

Amañamos a maneira de atopar unha solución. A comezos de 1981 organizamos un curso para capacitar a funcionarios municipais na organización dos arquivos. Olga Gallego, facultativa do Arquivo Provincial de Ourense e Antonio Gil Merino, director do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, amais do mencionado Pedro López foron algúns dos profesores do curso. Finalizado, os alcaldes non habilitaron a ningún dos funcionarios supostamente capacitados para desempeñar tal función.

A culpa daquel desbaraxuste era dos secretarios dos concellos, responsables da documentación municipal, que seguían desentendéndose da súa competencia e das obrigas legais. Fixeron caso omiso da Constitución de 1978 onde as leis de transparencia e bo goberno poñen en primeira liña da xestión pública o papel que deben desempeñar os arquivos das institucións.

Nun réxime dictatorial os arquivos non existen, porque os cidadáns apenas tiñan dereitos fronte ás administracións. Lembro ben cando o 23 de decembro de 1981, chovendo a cachón embarcamos nunha chalana remada por Tolín, o gardián da Illa de San Simón, Pedro López, o xornalista Fernando Ramos, os concellos Lino Velo e Xurxo Martín e máis servidor. Despois de superar moitos atrancos burocráticos conseguira eu a autorización para facermos tal visita coa esperanza de atoparmos algunha documentación do penal. Non había nada, fora todo expoliado. Decepcionados, de volta para o peirao lembrei o que me contara un amigo que estivera preso ali. Dei volta. collín un pau e remexín a terra onde el me dixerá que durmían. Ali estaban centos de pregos grandes de papel que os presos utilizaban como illante para evitar a humidade da terra. Era un ha documentación que daba conta das biografías dos que permanecían

en corentena cando a illa funcionaba como Lazareto.

Pero volvendo aos arquivos municipais de hoxe. A Deputación de Pontevedra, a proposta do entón director do Arquivo, Miguel Pereira, aprobou a fins de 1981 un plan para organizar os arquivos municipais. Labor que se levou coa colaboración de bolseiros capacitados para ordenar e clasificar os almacéns nos que se amoreaban os expedientes.

Hai catro anos a Fundación Olga Gallego publicou as actas das "II Xornadas Olga Gallego de Arquivos". Nas conclusións díse que a situación dos arquivos municipais dista moito de ser boa. Agás unha nómina de arquivos ben atendidos e organizados, a gran maioría deles non está en boas condicións. Quedaron curtos no diagnóstico. Como o arquivo do Carballiño hai moitos máis. Diso dou fe.

Que diferenza co celo que poñen os rexedores das autarquías locais portuguesas. Os que se acheguen á vila raiana de Monção, pódono comprobar; non deixen de visitar o Arquivo da Cámara situado nun histórico edificio pacego recentemente rehabilitado para tal finalidade. Nin Vigo, a primeira cidade galega, ten senmellantes instalacións.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

A voltas de novo coa xustiza

Doe a dorida dor doendo e así, cando a Xustiza se imparte desde leis indefinidamente inxustas que prevén a culpa ou aplican o escarmiento, cando furtan e son ofendidas as ideas por achegarse, des de que son usurpadas e manipuladas, collidas nas mans de quen desexa o noso mal en penitencias. Entón empeza o calvario. Aquí estamos, tamén, para dicir que non, que o medo non cabe nunha sociedade como a nosa que se protexe precisamente dos medos desde un sistema garantista que debe responder ás subxectividades, des prezando intencións supostas e sen basearse nos feitos obxectivos e comprobables. Porque senón, chegamos ao colmo do autoritarismo e persecución. Un sistema que se di protector para cun pobo que deixou xa de ser escravo ou vítima, que acadou o sagrado exercicio do dereito e liberdade, chegando ao respecto e presunción de inocencia, a ser quen somos e exercer de propietarios. Sen atender ao berro nin á imposición. Pero estamos firmes e o medo non cabe entre nós. Queremos facernos oír, entre ideas e sentimentos diversos, na plu-

ralidade de convivir e facer un porvir esperanzado que non desprece e que nos teña en conta para acadar o espazo común das Nosa Casa, liberado e respectuoso. Lonxe da incerteza de leis de odio e de barbarie, de ameaza, aínda ditatoriais que nos furtaban a memoria e a dignidade.

Nesa afirmación de dignidade, deberemos loitar ata conseguir facer da Nosa Matria o país que conteña unha Constitución Lexislativa con dous fundamentais artigos, vertebradores de toda lei, que nos conduza por un logro desexado. Un lugar onde se teña o dereito irrenunciabile e o deber de non acatar ningunha lei inxusta, non equitativa ou desproporcionada, que conteña variables de distintos raseiros, non equidistantes e que poidan permitir interpretacións con séseos de trato ou de favor. Un lugar onde teñamos o dereito e o deber de loitar contra esas leis inxustas e os seus aplicadores, esclarecendo as razóns da inxustiza, sen que por iso poidamos ser perseguidos ou reprimidos. Leis que non dean lugar a vacilacións nin a eses recantos escuros onde, sobre todo os que entenden,

buscan o amparo indebido ou lugar, tamén indebido, de purgar a outros. Ese lugar onde non pagan nunca os que máis poden.

Deberemos sentir en nós a liberdade, a transparencia feliz de non nos sentir coucados, senón arroupados na actitude libre que conxura a igualdade. Lonxe de eufemismos de guerras preventivas, dos danos colaterais, das ameazas e os medos, das subxectividades, das olladas que xulgan desde intencións supostas que de antemán preconizan un dano inexistente, aínda sen feitos nin probas, con informes falseados e antipatías que van contra a liberdade mesma de expresión. Con salas e xulgados especiais, para os que foron sinalados, onde encausan e xa sentencian, de saída, ordenan quen e onde, como han de tratar. Alí habitan, circunstancialmente, actantes de dubidoso credo, algo rancio e adulterado. E aí están, xuíces lixeiros na condena, que tanto insultan como indultan, tanto ofenden como converten en delito desexos propios de nación, de ser e de existencia, dereitos obxecto de históricas débedas, que buscan na razón a protección de entendemento, cordial, e que garanta dereitos que foron conculcados, protexendo á xente máis vulnerable, falta de toda a intencencia e de garantías sociais, sanitarias, raciais,

educativas, relixiosas, laborais, de sexo, e de todo canto intenten para mandarnos ao fracaso. Son cuestións a defender porque nos fan moito máis vulnerables, rodeados de mentira, do roubo, da inculpación e escarmiento, da miseria, metidos en terras e augas impuras, velenos e metais pesados, falsas solucións de desenrolo, de urbanismos nefastos, de amoreamentos miserentos e sucios, emanacións fétidas e tóxicas, desafiuzamentos, falta de xustiza como garante de verdade e abrigo dos que buscan abeiro. Que non calen todo aquilo. E veñen agora preconizando agresións, inventando bandas armadas, terroristas que ninguén coñece, sen delito. Buscamos a verdade, o xuízo dos feitos e non dos supostos, con fundamentos serios, de rigor para o esclarecemento, lonxe da aplicación de represión e coacción que dexeneran o propio principio da democracia e da lei. Para que ninguén pase como unha apisoadora sobre de nós e, neste caso, sobre das vidas de xente nova que busca luz. Luz que deba alumar para quentar, nestas datas precisamente. Felices festas!



Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública

Contra as xornadas patrocinadas por empresas privadas

Dende a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) queremos manifestar o noso máis absoluto rechazo ca posta en escea, o 3 de decembro do 2020, dunha

Conferencia Telemática do SERGAS, a que asistiron sobre 130 persoas, na "Iª Xornada de Humanización no SERGAS".

PATROCINADO POR JANSSEN FILIAL DE JOHNSON & JOHNSON E CA UTILIZACIÓN

DE NENXS NA SÚA PROPAGANDA, fixo un publireportaxe da firma comercial privada; na xuntanza, estaban presentes, membros do SERGAS, como o seu Xerente e a responsable de Recursos Humanos, Rocío Mosquera (responsable de Garalía) o exxerente do SERGAS o sr. Campa e determinados cuadros da administración do SERGAS e da Consellaría de Sanidade (estaba prevista a presenza do Conselleiro de Sanidade, pero finalmente, por "problemas de axenda"

non acudeu).

Co pretexto de "Humanizar o Sistema Sanitario" fíxose unha propaganda do laboratorio e xustificouse un "premio" que se deron entre elxs....

Dende a AGDSP queremos defender o Sistema Sanitario PÚBLICO en Galicia con propostas que melloren a calidade de vida dxs Galegxs e non facer promoción de entidades privadas que so buscan o lucro da empresa.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Nemésio Barxa

Cronica real de uma dinastia (II). Noticia para monárquicos ingénuos

Na anterior entrega deixávamos ao BORBON Fernando VII, o rei felón, imaginariamente contando o efectivo (em maletinhas?) provinde da sua comissão na compra a Rússia de nove barcos para a guerra de Filipinas, que nem alá chegarem, porque apenas revisados nas Espanhas mandaram-se directamente ao desaguasse, por inservíveis e podres. Dos beneficios pola trata de escravos deveria levar contabilidade aparte. O rei, muito majestade e muito alteza real, felicitava a Napoleão polos seus êxitos militares, traiu ao pai e ao seu reino e desprestigiou á sua mai por todo Madrid dando publicidade, incluso com caricaturas, a seu desvario sexual; desvario que herdou e que com, ao parecer, uns atributos enormes, faltava-lhe a força necessária e só depois de quatro matrimónios conseguiu, no remate da sua vida, nasceram duas nenas: Foi destronado polos seus súbditos e reposto no trono polo exercito chamado os Cem Mil Filhos de San Luís, enviado a tal fim polo rei Borbón de França, e deixou apos sua morte todo um período de guerras carlistas.

Sucedeu-lhe, em qualidade de Regente, sua viúva MARIA CRISTINA DE LAS DOS

SICILIAS, filha da sua irmã mais nova, em guerra com os legitimistas de dom Carlos M^a Borbón, irmão de Fernando. Os Borbons nunca tiverom door do dinheiro e economia dos espanhóis (a honradez parece que se situa da cintura para a cima) e tradicionalmente desconhecem a honestidade (popularmente situada da cintura para baixo). M^a Cristina, filha de uma Borbon, fizo honor á sua estirpe na demasia sexual, tomando algum amante sem respeitar o luto pola morte de seu real esposo, aos tres meses topou com um novo amante, um sargento da sua Guardia de Corps, de nome Fernando Muñoz, que a satisfizo tanto que o retuvo de por vida, tendo com ele cinco filhos, e algum aborto, antes de casar (dissimulando os embarazos com amplos vestidos, inda que andava em coplas populares, e enviando-os recém nascidos a Francia em maos de pessoal de confiança) e tres mais depois do matrimonio morganatico legalizado no ano 1.844. Também no seu desaforado afão de dinheiro, pois a parelha enriqueceu-se com dinheiro público e aproveitando a informação privilegiada de que gozavam, participando em varias empresas por todo o país, como a do ferrocarril, o negocio do sal, do carvão,

etc. até afirmar-se na época que “não existe um só negocio industrial no que Maria Cristina e esposo não tomem parte”. Não so negocios industriais, também o repugnante negocio da trata de escravos, nicho de negocio do que já se vinham lucrando os anteriores Borbones que dirom cobertura legal aos escravistas espanhóis permitindo sua continuidade até 1.886;



Fernando VII cobrou importantes quantidades de dinheiro por este negocio que continuou sua viúva M^a Cristina que cobrava, directa e pessoalmente uma quota por cada escravo que chegava a Cuba, colonia de destino, amparado na permissividade da catoliquíssima monarquia espanhola. Este sistema manti-

vose inda durante o reinado de Isabel II.

Destacar dos seus governos a desamortização, a divisão provincial, prever uma transição á monarquia constitucional e restabelecer a Constituição de Cadiz obrigada por um motim de Sargentos. Obrigada ao exilio, ante os escândalos na Corte, na asonada do general Espartero, que assume a regencia. Mercou em França o palácio La Malmaison que fora de Paulina Bonaparte e desde ali conspira e apoia algum golpe de Estado. Derrocado Espartero por O'Donnell, Narvaez e Prim, declara-se a maioria de idade da que seria Isabel II, de apenas 13 anos de idade. Entronizada como rainha Isabel II regressa M^a Cristina, a mai, a Madrid. Sua impopularidade era tanta que no 1.854, tras o golpe liberal de O'Donnell uma das demandas dos sublevados foi a saída de Espanha de M^a Cristina, que marchou de novo, esta vez definitivamente, a Portugal e depois França; ocasionalmente realizou alguma visita a Asturias para fiscalizar seus floreccentes negocios.

M^a Cristina não se preocupou da educação e formação dos seus filhos nem da preparação educativa e política, necessaria para a herdeira do trono, dedicada como estava exclusivamente o seu duradeiro amante e seus negocios.

Quinta do Limoeiro, novembro de 2.020



Por Ramón Coira Luaces

Vía Galega

Vía galega é unha plataforma polos dereitos nacionais e sociais de Galiza. Recabade información sobre ela, que paga a pena estar ao tanto; pois é un facho de esperanza que despertou certo entusiasmo. Plasmaron en papel os dereitos do pobo galego, conmemoraron a Asemblea Nacionalista Galega de Lugo de 1918, protestaron contra a emigración da nosa mocidade,... E en 2018 tiraron un boletín informativo, que teño aquí diante e que para min é o mellor que fixeron até agora, no que explican a importancia de

termos soberanía como nación. Son dez puntos, que polo seu interese vou resumir brevemente. 1.- A necesidade de defender e por en valor o noso idioma e cultura propios, o noso principal signo de identidade. 2.- A importancia dunha educación enraizada na terra e do coñecemento do noso patrimonio. 3.- En canto a crise demográfica, defenden unhas políticas económicas, laborais e de servizos axeitadas para porlle remedio. 4.- Defenden un ámbito laboral galego de negociación. 5.- Falan da necesidade de poñer freo á emigración,

defendendo os nosos sectores produtivos, mellorando as infraestruturas, investindo máis en I+D,... 6.- Falan tamén de preservar o medio natural contra as políticas depredadoras e destrutivas do mesmo. 7.-



Explican a necesidade de defender os nosos sectores produtivos, pechando aquí os ciclos de produción. 8.- Defenden crear unha banca galega propia e pública. 9.- En canto á fiscalidade, están a favor da creación dunha Facenda galega (como tamén defendía Bóveda). E 10.- Unha tarifa eléctrica propia, xa que somos amplamente excedentarios en enerxía eléctrica e apenas lle tiramos proveito a isto. Seguíde informad@s que a cousa promete...



Mouriño Cuba escribiu sobre a viticultura da Ribeira Sacra

Ribeira Sacra: orixe e evolución da denominación de calidade" é o libro de José Mouriño Cuba, quen fora xefe do servizo de Industria e Calidade Agroalimentaria (ICA) de Lugo e traballou en favor da posta en marcha de moitas denominacións de orixe da provincia.

A publicación, presentada en Sober, foi apoiada pola Consellería de Medio Rural, a través de catro grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), e representa "unha radiografía que recolle como se fraguou o despegue desta contorna e os pasos que se deron para a consecución da denominación de orixe e cuxo contido convida a coñecer estas terras", segundo afirmou o de-



José Mouriño Cuba.

legado da Xunta en Lugo.

O delegado celebrou "a importante proxección de futuro que ten este territorio, máis aínda cando vimos de coñecer que a candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra acaba de superar o último trámite para poder so-

meterse o vindeiro ano ao ditame definitivo da Unesco". Isto supón un paso máis de cara a súa declaración como reserva da biosfera e tamén é un aval ao traballo liderado pola Xunta nos últimos dous anos para sacar adiante a mellor candidatura posible.

Foro sobre o Territorio e Patrimonio en Sober

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, destacou o modelo galego de gobernanza turística como exemplo da aposta da Xunta por criterios de sustentabilidade e calidade no desenvolvemento do noso territorio como destino turístico. Nava Castro participou nunha mesa redonda arredor da calidade no desenvolvemento dos destinos turísticos, no marco da celebración do Foro Territorio Patrimonio, que reuniu en Sober, ao longo de dúas xornadas a destacados expertos na materia.

Durante a súa intervención Nava Castro destacou "o férreo compromiso coa calidade turística" da Xunta "que nos levou a incorporar este principio como transversal en todas as estratexias turísticas desenvolvidas nos últimos anos". "A calidade é o fio condutor do noso modelo turístico", asegurou a directora de Turismo de Galicia, quen fixo fincapé tamén na sustentabilidade como outro dos piares sobre os que se asenta o modelo de



Nava Castro puxo en valor a excelente evolución de Galicia como destino turístico.

gobernanza turística galega.

Calidade e sustentabilidade cobran unha especial importancia en territorios como o da Ribeira Sacra, no que se desenvolveu este foro internacional e que será un dos beneficiarios dos dous Plans de Sustentabilidade recentemente aprobados polo Estado. Un plan que suporá un investimento por parte da Xunta de 850.000 euros co obxectivo de posibilitar o desenvolvemento turístico planificado, de calidade e sustentable, que implique á poboación e ao te-

rritorio na creación de novos produtos e na consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico.

No encontro tamén se abordaron cuestións coma a modernización e profesionalización do sector, a cooperación público-privada, a seguridade sanitaria, a ordenación dos recursos ou a dixitalización de servizos para dar respostas eficientes aos viaxeiros pos pandemia, que valoran criterios como a seguridade, a calidade e a saúde á hora de elixir os seus destinos.

A Biblioteca soberina recibe o premio María Moliner do Ministerio de Cultura



Biblioteca municipal de Sober.

A Biblioteca Pública Municipal de Sober volve recibir este ano o Premio María Moliner da campaña de animación á lectura que outorga o Ministerio de Cultura. Na provincia de Lugo só conseguiron axuda a Biblioteca de Sober e a de Xermade.

Este concurso ten por obxectivo premiar a aquelas bibliotecas de municipios de menos de 50.000 habitantes que leven a cabo un proxecto único que inclúa accións de animación á lectura, á eficiencia e á labor bibliotecaria, á integración social na súa comunidade, así como o uso das novas tecnoloxías. Así mesmo, valórase especialmente aquelas actividades realizadas en municipios de menos de 25.000 habitantes, apoiando así as zonas menos poboadas.

Valorase ademais a eficiencia na administración dos recursos da biblioteca, así como o esforzo re-

alizado pola biblioteca en función dos seus recursos dispoñibles, a claridade e interese do proxecto para a animación da lectura e o seu valor como modelo de boas prácticas no labor bibliotecario, a planificación e viabilidade do mesmo, así como a colaboración con outras entidades (centros educativos, os diferentes axentes culturais dos municipios, etc). Como beneficiaria a Biblioteca Pública Municipal de Sober recibirá unha subvención en metálico de 2.000 euros para a compra de libros e/ou publicacións periódicas.

A achega deberá destinarse á compra de libros e/ou publicacións periódicas para a biblioteca, e a selección bibliográfica debe realizala o persoal da devandita biblioteca en función das súas necesidades e co obxectivo de completar os seus fondos en beneficio de todos os veciños e veciñas do municipio.

PSOE leva ao Parlamento o "enchufe" da muller do alcalde de Riotorto

A deputada socialista de Lugo, Patricia Otero, levou ante a Comisión de Administración Xeral do Parlamento de Galicia unha pregunta na que acusaba de "enchufismo" ao alcalde popular de Riotorto trala contratación da súa muller como titular dunha praza de administrativa no Concello.

Otero denunciou o procede-

mento levado a cabo no Concello de Riotorto, que convocou tres prazas no Concello toda vez "as bases non foron publicadas" nin no BOP nin nas redes sociais do Concello. Acusou que as bases desta convocatoria "foron asinadas polo propio alcalde", quen "permanece sen dar explicacións da contratación" ante un procedemento "sen precedentes na historia da vila".

O libro “Confinados” presentouse na Casa do Patrón, de Lalín

O día 21 de novembro tivo lugar nos exteriores do Museo Casa do Patrón de Lalín, a presentación do libro Confinados na que interviron, o seu autor Manuel Blanco Villar, Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Begoña Blanco Blanco, concelleira de Cultura de Lalín, José Arturo Marques Lorenzo, médico especialista en Anestesiología e Reanimación, anestesiólogo cardiovascular do Hospital Policlínico HM La Rosaleda, de Santiago.

Asistiron tamén Miguel Ángel Martínez Coello, pintor profesor xubilado e xerente da editorial A Formiga Rabicha, que publicou este libro, Avelino Jácome Iglesias, director comercial de Orixe Publicidade e Comunicación, firma encargada da maquetación da obra, varios colaboradores da obra, José

Antonio Salgado, cura párroco de Doade, así como numerosos veciños, amigos do Museo.

O libro, prologado por Miguel Angel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, é unha especie de diario do autor durante 60 días de confinamento, exteriorizando a loita interna dos seus sentimentos encontrados (por unha banda, o medo, a dor, a inquedanza, a nostalxia, fronte



a fe, a valentía, a ilusión e a esperanza precisos para continuar pelexando por saía adiante acotío), así como diversas testemuñas dos 16 colaboradores de distintas profesións (médicos, enfermeiras, antropólogos, profesións esenciais, autónomos, estudantes...), aportando os seus diferentes puntos de vista da situación.

Obxetivos

O acto rematou cunha breve historia das grandes pandemias que asolaron historicamente a Humanidade. A obra pretende cumprir os seguintes obxectivos: Levar aos lectores a facer unha profunda reflexión sobre o que o “homo sapiens”, a criatura máis intelixente da creación fixemos mal para chegar a esta dramática situación, sacando sólidas conclusións da situación actual e tratando de endereitar de rumbo, para evitar que esta calamidade



Presentación da obra de Manuel Blanco Villar.

se volva a repetir. Unha sentida homenaxe aos falecidos e doentes desta pandemia. Un recoñecemento ao persoal sanitario e investigadores, demasiadas veces pouco recoñecidos. Un canto á vida, a saúde, á liberdade, á ilusión, ao amor universal e á confianza no futuro. Unha ardua defensa do mundo rural e das incontestables vantaxes de habitar nas aldeas galegas. Unha invitación a loita conxunta polo súa recuperación futura, tratando de

motivar aos mozos que se queden no campo, e fomentando a chegada masiva dos “neorrurais”, xurdidos a raíz deste verdadeiro rito de paso para o ser humano.

A obra, que forma parte dun proxecto ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia, está a disposición do público nas dependencias do Museo Etnográfico Casa do Patrón, sede da Asociación Etnográfica de Codeseda, entidade promotora da obra da edición.

A RAG celebra a protección da biblioteca de Emilia Pardo Bazán

A Real Academia Galega (RAG) manifestou a súa satisfacción pola publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución do 20 de novembro de 2020, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) á biblioteca de Emilia Pardo Bazán.

Así quedan protexidos de inmediato, á espera da declaración BIC, tanto os preto de 8.000 títulos que custodia RAG como case 3.000 que ficaron nas Torres de Meirás, a residencia que a autora mandou construír en Sada e que pasou a mans do ditador Francisco Franco en 1938. A es-



tes poderían sumarse outros volumes que poidan atoparse actualmente en localizacións descoñecidas

A RAG agarda que este paso permita ademais reunir en breve o conxunto deste patrimonio bi-

bliográfico na súa sede, na rúa Tabernas, 11 da Coruña, no que foi o fogar da escritora, e poñelo a disposición da comunidade investigadora, tal e como decidiu a súa filla e herdeira, Blanca Quiroga.

O 2021 acollerá o Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”

A Real Academia Galega celebrará na súa sede en Coruña, en outubro de 2021, un encontro internacional dedicado a Emilia Pardo Bazán co gallo da conmemoración do centenario do seu pasamento.

Baixo a dirección do académico correspondente e catedrático emérito da USC José Manuel González Herrán, este congreso contará con relatoras con Isabel Burdiel (Universitat de València), Ana

Freire (UNED), Jo Labanyi (New York University), a académica de honra Marina Mayoral (Universidad Complutense), Ermitas Penas Varela (USC), Marisa Sotelo (Universitat de Barcelona) e Dolores Thion (Université de Pau).

Os traballos presentados no congreso recolleranse posteriormente en La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, que edita a Real Academia Galega.

Presentado o N° 3 da Revista Mazarelos

O pasado 2 de decembro presentouse vía telemática a publicación N° 3 da Revista Mazarelos, na que participaron Miguel Rodríguez, director da publicación, o


artista e autor da portada Xosé Poldras, a experta en museística Clara Reigosa, e o divulgador cultural Miguel Cajigal, coñecido na rede como @elbarroquista.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Humor

MARTIRENA



ANTOMS



FUCO PRADO



 *A nosa hostalería deséxalles*
Bo Nadal e Feliz 2021 



TABERNA D. Perico
SERVICIO A DOMICILIO

Píde al:
988-23-11-13
O al:
628-03-11-05
También por WASAP

O por:




Vísita O TRASNO
en ZONA VÍÑOS

Rúa Lepanto, 10.
Ourense

Bar
FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE




O Capricho

Servizo
a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
Tfno. 988 981 601

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
"VEGETARIANOS Y VEGANOS"

MariaTapas
Bar

Rúa Unión 1
651 853 881



LA CONSENTIDA

TEL: 988 006 173
VALLE INCLÁN 21 BAJO
32004 OURENSE

CERVECERÍA
CAFETERÍA
PIZZERÍA
RESTAURANTE

Torremolinos
Café Bar Torremolinos

Establecimiento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE



Un parque de lecer en Cachamuíña

O proxecto para crear un centro de lecer, natureza e deporte na contorna do encoro de Cachamuíña, Pereiro de Aguiar, será realidade no ano 2021 segundo anunciou o presidente da Deputación, Manuel Baltar, ao visitar a contorna en compañía do alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor.

As infraestruturas de lecer e deportivas converterán á zona, segundo Baltar Blanco, no "pulmón verde e centro de lecer natural da contorna da capital ourensá". Parques de calistenia, infantil, cairo, un monumento á igualdade, aseos, zona de aparcamento e unha pasarela sobre o río son as actuacións que se unirán ás infraestruturas e servi-



Manuel Baltar e Luís Menor.

zos xa existentes na zona para converter este lugar "na contorna natural e de lecer máis importante da provincia de Ourense".

Luís Menor agradeceu o compromiso e a implicación da Deputación cos proxectos e as demandas do municipio.

Bonificacións fiscais aprobadas no Pereiro

O Concello de Pereiro de Aguiar celebrou sesión plenaria para a aprobación de medidas que reactiven a economía e alivien a carga impositiva dos veciños. Aprobouse unha ordenanza para o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, establecendo bonificacións para incentivar a compra de automóbiles eléctricos ou híbridos respectuosos co medio ambiente, unha rebaixa fiscal do Imposto de construcións do 0.9% para homoxeneizarse co resto de concellos, unha ordenanza reguladora de terrazas e veladores para dar seguridade xurídica á

hostalería-eximíndoa do pago da devandita taxa-, e a aprobación dun plan de acción fronte ao cambio climático para establecer a folla de roteiro a seguir, co obxectivo de cumprir o prognóstico asinado no Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía de reducir nun 40% as emisións de CO2 en 2030. "Foi un pleno importante, con bastante consenso", expuxo ao termo Luís Menor, alcalde de Pereiro, agradecendo "o talante da oposición pola receptividade nas propostas".

Francisco González, edil de Democracia Ourense, afirmou que "tingamos a obriga moral de por

a disposición da veciñanza medidas para liquidar as súas demandas", celebrando sobre todo a exención do pago ás terrazas "por ocupar chan público sen custo algún".

Jorge Gutiérrez, do PSdG coincide co rexedor, aínda que matizaba que a abstención na regulación de terrazas "é debida a que primeiro teñen que ser os propios hostaleiros os que revisen a proposta para adaptala no próximo pleno". O líder da oposición terminou reclamando, pese ao apoio, "indicadores e persoal dedicado para o cumprimento efectivo do plan ambiental".

O Pereiro de Aguiar mellora locais e equipamentos

O Concello levou a cabo a mellora de locais sociais e equipamentos de seis entidades veciñais. Concluiron os traballos e beneficiáronse deste proxecto os veciños da Derrasa, San Benito, Triós, Melias, Calvelle e Vilariño. Incidiuse de maneira especial na accesibilidade, adaptación de baños para persoas con mobilidade reducida e eficiencia enerxética. O Pereiro

de Aguiar é un municipio eminentemente rural que está conformado por 13 parroquias e 3 urbanizacións con entidade propia. Desde o Concello indícase que esa dispersión é a que fai máis necesario que existan lugares nos que se poidan levar a cabo actividades e encontros veciñais que non poderían facerse de xeito centralizado nun concello tan disperso.

O Pereiro terá Parque da Igualdade

O presidente da Deputación, José Manuel Baltar, a deputada Luz Doporto e o alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor, visitaron a contorna do encoro de Cachamuíña, onde planean crear o que denominarán "Parque da Igualdade" en homenaxe ás vítimas da violencia machista. Será, segundo Baltar, "unha experiencia

emocional percorrendo esta contorna natural do municipio de Pereiro de Aguiar". Doporto engadiu que "forma parte das iniciativas que promove o goberno provincial na liña de desenvolver políticas de sensibilización fronte á violencia machista, creando conciencia social diante desta secuela que afecta á poboación".

SANTABAIA RESTAURANTE

HORARIO NAVIDAD

24 Abierto solo al mediodía

25, 31 y 1 de enero Abierto todo el día

Reservas Tfs. 988 380 254 - 635 405 820

Restaurante santabaia

SANTABAIA 6 PEREIRO DE AGUIAR, OURENSE

www.orixepublicidade.es

MASCARILLAS HIGIÉNICAS PERSONALIZADAS

Orixe

PERSONALIZADA CON LO QUE QUIERAS A TODO COLOR

Rúa Francisco de Moure 20, Ourense - 672 435 891 - 988 60 70 75

Oro PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense en frente confitería

988 232 903

jba

SERVICIOS INMOBILIARIOS

Francisco de Moure 22 bajo

988 10 20 75

www.jbainmobiliaria.com

O Concello de Monforte axuda ao comercio e á hostalería

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, ven de dar a coñecer dúas novas iniciativas postas en marcha polo Concello para seguir axudando ós sectores produtivos e ás familias de Monforte, ante a pandemia da Covid-19. Varias actividades previstas non poderon celebrarse por mor da Covid 19. Deste xeito ideouse unha campaña de Nadal diferente baixo o lema "Este Nadal eu merco en Monforte". "En concreto, son dous concursos para os cales destinaremos axudas directas por valor de 30.000 euros, para propiciar o consumo da cidadanía na hostalería e nos comercios de Monforte, durante os meses de decembro de 2020 e xaneiro de 2021", desta-

cou o alcalde.

Os concursos son os seguintes: "I Concurso de Bonos de axuda para o Nadal", que se desenvolvera en colaboración coas dúas radios locais de Monforte, Radio Principal-Cadena Ser e Onda Cero, a través dun programa especial de pregunta-resposta, e que se celebrará de luns a venres entre os días 7 de decembro e o 29 de xaneiro. En Radio Principal, o programa dará comezo ás 13:05 horas, e poderá chamarse ó 982 400 512. No caso de Onda Cero, as chamadas para participar neste concurso poderán facerse a partir das 13:10 horas, no 982 418 243.

"I Concurso de decoración do Nadal e Escaparatismo", no que

hai 3 modalidades de participación: Decoración do escaparate e do interior de establecementos comerciais, a dirixida á hostalería, e nela valorarase en conxunto a mellor entrada, interior e ventanais e a terceira modalidade está adicada ás vivendas. Neste caso hai 3 opcións: A comunidade de veciños dun edificio, a de Balcóns e ventás de edificios de Monforte, e finalmente as vivendas unifamiliares, tendo todas elas que ser visíbeis desde a vía pública. Os interesados poderán inscribirse ata o día 22 de decembro, utilizando o modelo normalizado, que poden presentar tanto no Rexistro do Concello como a través da Sede Electrónica, por vía telemá-

tica. Deberán aportar 5 fotografías nas que se visualice a decoración realizada. A decoración deberá estar exposta como mínimo dende o día 22 de decembro ata o día 7 de xaneiro de 2021. Para as diferentes modalidades destinaranse 5.000 euros en premios e axudas. Entre os participantes, agás os xa gañadores, sortearanse un total de 25 lotes de bonos por un importe de 100 euros cada lote. Poderán ser trocados nalgún dos establecementos da hostalería de Monforte.

Esta campaña engadese ás xa postas en marcha este ano por mor do Coronavirus, como o Plan Reactiva Monforte, que repartiu axudas entre 1.211 empresas, au-

tónomos e traballadores por valor de 543.000 euros; o Plan de Apoio ás familias e ós sectores económicos de Monforte, mediante o que se axudou a 4.282 familias, repartindo 10.811 bonos por importe de 270.275 euros; as axudas directas a fondo perdido, mediante as que se bonificou o eximiu de taxas e impostos a varios sectores económicos do Concello.

O alcalde tamén recordou o reparto de 185.000 mascarillas para paliar os efectos do Covid-19 e neste senso precisou que "tamén prevemos facer novos repartos de mascarillas e no orzamento para o ano 2021 temos prevista unha partida para comprar máis material por si fose necesario".

COA AXUDA DE 30.000 € DO CONCELLO



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

ESTE NADAL EU MERCO EN MONFORTE

CONCURSO BONOS AXUDAS PARA O NADAL

Responde preguntas sobre o noso comercio e hostalería monfortina e gaña bonos para mercar este Nadal do Concello de Monforte de Lemos.

Chamando ás emisoras de radio local Onda Cero e Radio Principal Cadena Ser

Duración do concurso: 7 de decembro - 29 de xaneiro

CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL E ESCAPARATISMO

Solicita a túa participación e gaña algún dos premios do Concello de Monforte.

Prazo de solicitude ata o 22 de decembro 2020

Máis información na Oficina de Promoción Económica Concello de Monforte de Lemos: www.monfortedelemos.es

Casitas da Compañía. Telf.: 982884775 / 698181551

Axudas para os sectores máis afectados pola Covid-19

O delegado da Xunta, Javier Arias, mantivo en Ribadeo unha xuntanza coa Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos (Acisa), a petición da entidade. Na xuntanza participaron Francisco Miguel Iriarte Quintana e Jesús Pérez Prada, presidente e xerente de Acisa respectivamente; tamén, a través de videoconferencia, a xefa territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, Pilar Fernández, e o subdirector de coordinación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Francisco Pedro López Martínez.

Javier Arias explicou que en breve se publicará unha nova medida de apoio á hostalería, co fin de que poidan axustar a súa acti-

vidade aos requirimentos sanitarios impostos pola pandemia. Así, o Goberno galego destinará 3 millóns de euros a financiar a instalación e acondicionamento de terrazas e a adquisición de materiais de empacotado de comidas e bebidas para a venda a domicilio ou para levar.

As axudas concederanse por orde de entrada da solicitude e acadarán o 80 % dos investimentos, que poden estar realizados desde o pasado 1 de outubro, cunha axuda máxima de 20.000 euros e anticipos da metade do importe no momento da concesión.

Convocatorias abertas

Poderán solicitarse as axudas dirixidas neste mesmo plan a microempresas e sector da hostalaría. Neste último caso con contías

nos que os establecementos hoteleiros poden superar, de darse as condicións, os 9.000 euros. Igualmente permanece aberta a nova liña de préstamos dotada con 10 millóns de euros que alcanzará liquidez aos autónomos, microempresas e pemes con máis problemas de liquidez durante a covid-19, con xuros baixos e próximos ao 0%. Arias lembrou que todas estas liñas son de concorrencia non competitiva, de modo que se concederán a todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nas convocatorias, por orde de entrada da solicitude coa documentación completa e, en todo caso, ata o esgotamento dos créditos. O procedemento previsto garante a axilidade a facilidade na achega da



O delegado cos representantes de Acisa.

documentación, co obxecto de facer que a liquidez chegue o antes posible ao empresariado.

O delegado sinalou que existen outras axudas e recursos a disposición de autónomos e empresarios, entre os que lembrou a cuarta convocatoria do programa ReAcciona -aberto ata o 28 de

decembro-, e distintos instrumentos financeiros, e invitou a todas as persoas interesadas a informarse nas oficinas ou na páxina web do Igape das solucións máis axeitadas a cada situación, e mesmo obter asesoramento individualizado á medida das súas necesidades.

Urbanismo pon ao día, en catro meses e cun Plan de Choque, todas as licenzas pendentes no rural

Dende xullo e ata novembro, foron revisados e informados medio cento de expedientes con máis de tres anos de antigüidade que ficaban inconclusos.

Só na Xunta de Goberno de hoxe, o executivo de Lara Méndez outorgou outras 8 licenzas urbanísticas, 6 delas para acometer diferentes intervencións nos núcleos.

Miguel Couto apremia aos promotores das que aínda non se concederon a subsanar as deficiencias detectadas nos proxectos, nomeadamente no caso das que optan ás subvencións do Plan Mellora para explotacións agrícolas.

A área de Urbanismo Sostible vén de poñer ao día, en catro meses, todas as licenzas pendentes no rural.

Miguel Couto sinalou que dende mediados de xullo, cando se puxo en marcha un Plan de Choque que prevía a incorporación de máis persoal, se procedeu a revisión e posta ao día de todos os expedientes que ficaban inconclusos e que tiñan unha antigüidade superior aos tres anos. "En paralelo ao traballo ordinario fo-

ron, en total, 43 os procesos que se reanudaron. Os que aínda non se resolveron foi porque conteñen deficiencias, xa notificadas aos particulares, que deben corrixir para acadar a súa validación", sostivo o edil.

Couto quixo poñer en valor o labor realizado polos técnicos municipais de Urbanismo e Medio Rural, xa que coa súa dedicación posibilitaron que nestes meses se autorizaran 28 actuacións máis de distinta índole como pode ser a construción de vivendas unifamiliares, melloras en edificacións existentes e mesmo reparcelacións. "De feito, esta mesma mañá aprobáronse, en Xunta de Goberno, 8 licenzas máis e 6 delas eran para acometer obras no rural como a creación dunha nova explotación de polos no límite entre o Veral e Santa María Alta ou a ampliación doutra dedicada ao vacún de carne en Bellesar", refiriu o concelleiro.

Ao respecto das mesmas, Miguel Couto explicou que o vindeiro 15 de decembro finaliza o prazo para concorrer ao Plan Mellora. Unha subvención autonómica que os gandeiros lucenses poden so-

licitar para sufragar os custos das intervencións que realicen nas súas instalacións.

"Dende o Concello tramitamos estes días, precisamente, unha ducia de licenzas que se poden acoller a estas axudas. Catro delas xa foron outorgadas hoxe pero o resto seguen pendentes de que os seus promotores subsanen as eivas atopadas nos expedientes" e indicou que para axustarse aos tempos, é necesario que os interesados aporten a documentación e corrixan as eivas detectadas "xa que só dispoñemos de dúas semanas máis para rematar os procedementos co fin de que entren en prazo".

O responsable de Urbanismo Sostible, subliñou, neste sentido, que nas últimas semanas tanto a súa área como a de Medio Rural están centralizando os seus esforzos na resolución deste tipo de licenzas. "Trátase dun compromiso conxunto e unha aposta decidida por apoiar o sector, aos produtores e ás iniciativas que traerán futuro ao noso concello, que axudarán a crear riqueza e emprego e que contribuirán a asentar poboación e dinamizar as parroquias", concluíu Miguel Couto.

A estación de buses de Ribadeo mellora a funcionalidade



A estación de buses mudou a súa imaxe.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade rematou as obras de acondicionamento da estación de autobuses de Ribadeo, mellorando tanto a imaxe como a funcionalidade das instalacións. Os traballos contaron cun investimento de 140.000 euros para a substitución da cuberta e outras actuacións tanto na estrutura como nos servizos. Reformáronse os aseos, reparáronse os falsos teitos e pintáronse as paredes, ademais de mellorar a instalación eléctrica e instalar pantallas informativas electrónicas. Igualmente, acondicionouse o

pavimento exterior, as portas e a malla de peche, e limpáronse as pezas de aplacado de granito da fachada. Tamén se cambiaron as luminarias da dársena por outras tipo LED, máis eficientes e con menor consumo enerxético. Instalouse sinalización para advertir da necesidade de manter a distancia social recomendada por mor da Covid-19, neste caso en cumprimento da Orde da Xunta do 6 de maio pola que se aprobaron as medidas de aplicación nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade autonómica no marco da actual emerxencia sanitaria.

A Xunta porá en marcha un Plan Director para o mantemento da Muralla de Lugo

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, dixo que a Xunta porá en marcha un Plan Director que establecerá as liñas de actuación en materia de conservación para os vindeiros anos. Neste sentido, explicou que os orzamentos do vindeiro ano recollen a redacción deste Plan. As declaracións realizounas en Lugo nunha andaina co gallo do 20 aniversario da declaración da Muralla romana como Patrimonio da Humanidade, un recoñecemento que a Unesco fixo público o 30 de novembro do ano 2000 poñendo de manifesto o valor deste ben que constitúe o mellor exemplo vivo de fortificacións militares do Imperio Romano tar-

dío conservado en Europa.

Nesta liña, Román Rodríguez explicou que o valor e importancia deste monumento fixo que Lugo sempre ocupara un lugar destacado no compromiso do Goberno galego co patrimonio cultural. Proba disto é que a Administración autonómica investiu máis de 10 millóns de euros en máis de 60 actuacións vencelladas coa Muralla romana desde que foi recoñecida pola Unesco. A meirande parte destas intervencións foron de conservación, mantemento e consolidación.

Este compromiso, tal e como incidiu, “continúa vixente nos plans do Goberno galego para o vindeiro ano”. Así, ademais da redacción do Plan Director, a

Xunta de Galicia ten previsto achegar máis dun millón de euros a actuacións vencelladas coa Muralla que se executarán ao longo do ano 2021. Algúns dos traballos que están previstos son a restauración dos lenzos dos cubos XXX e XXI e a mellora da planificación da conservación, mantemento e limpeza.

A Nosa Muralla

Co gallo desta efeméride, a Xunta de Galicia vén de poñer en marcha a campaña A Nosa Muralla, un proxecto que sitúa aos lucenses como protagonistas e, en parte, artífices de acadar e manter a distinción concedida pola Unesco no ano 2000. Para iso, a través da canle de Youtube A Nosa Muralla habilitada para a ocasión, estanse



O Plan Director establecerá as liñas de actuación en materia de conservación para os vindeiros anos.

emitindo diferentes felicitacións polos vinte anos da Muralla como Patrimonio mundial da man de destacados personaxes de distintos ámbitos da sociedade lucense.

Todas aquelas persoas que queiran participar poderán subir os seus vídeos, cunha duración máxima dun minuto, a través da plataforma gratuíta anosamura-

lla.wetransfer.com, dun xeito sinxelo e rápido. Ademais de felicitacións, na canle tamén se están a emitir historias e as anécdotas doutros tantos personaxes, que son os que están aportando a súa visión particular desde o punto de vista deportivo, artístico, arqueolóxico, teatral, literario ou incluso máxico.

Catro inspectores da Policía Local tomaron posesión



Os novos mandos fornecerán a estrutura xerárquica do Corpo de Policía.

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, e Paula Alvarellos, Edil de Gobernanza, deron posesión dos seus cargos a catro Inspectores da Policía Local, tres en quenda de mobilidade (concurso) e unha por promoción interna (concurso – oposición). Os novos Inspectores, José Manuel Río Espiño, José Luis Piñeiro Santos, Jesús Candal Rivas e José Antonio Mera xuraban o novo cargo acompañados exclusivamente dun familiar, debido ás restricións de aforo impostas pola pandemia, nun acto no que tamén estivo presente o inspector da Xefatura, Jesús Piñeiro, re-

centemente proposto polo Pleno da Corporación para ingresar na Orde do Mérito Civil pola relevancia do servizo exemplar que presta.

A alcaldesa aproveitou para felicitálos pola condecoración ao tempo que trasladou os seus parabens aos novos mandos, agradecendo o labor realizado ata a data, ao tempo que subliñou a “importancia de avanzar na cobertura destes postos, de maior xerarquía, para dotar ao Corpo dunha estrutura ben fornecida que optimizará a organización das patrullas e contribuirá a mellorar a seguridade cidadá”, indicou.

Lara Méndez lembrou tamén que nos próximos meses se agarda a chegada de 23 novos axentes, procedentes da Axencia Galega de Seguridade, que se sumarán aos 22 efectivos xa incorporados no que vai de mandato.

Igualmente tomaron posesión como funcionarias de carreira do Concello de Lugo, tres auxiliares administrativas, unha destinada ao departamento de Servizos Sociais e as outras dúas ao Rexistro, logo de acceder en quenda libre (oposición) ás prazas recollidas nas convocatorias das OPE's de 2015 e 2016, respectivamente.

Homenaxe a Benedicta Sánchez e Amador Arias na XLII Semana de Cine



O 29 de novembro, na Deputación Provincial de Lugo, rendeuse homenaxe a Benedicta Sánchez e Amador Arias, protagonistas de O QUE ARDE, inmediatamente antes da proxección deste filme de Oliver Laxe, dentro da XLII Semana de Cine.

No último acto público da Semana de Cine, participaron Maite Ferreiro, Vicepresidenta da Deputación e concelleira de Cultura, e o Delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias. Estaban presentes Manuel Curiel, Director da Semana de Cine e Xulio Xiz, Presidente de Fonmiñá.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

O románico nas Terras de Maside está sinalizado

Gabriel Alén, delegado da Xunta en Ourense, asistiu en Maside á xornada de inauguración da ruta do románico baixo o título “O románico nas Terras de Maside”, na que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, investiu máis de 5 mil euros; un 65% do orzamento total, quedando a cargo do Concello a contía restante de 2.800 euros.

Acompañado do alcalde de Maside, José Manuel Iglesias, o delegado territorial, atendeu as explicacións dos técnicos e sinalou que “este tipo de actua-

cións teñen por finalidade o fomento da recuperación, da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural de cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística”.

Parroquias

O proxecto desenvólvese en diferentes parroquias do concello de Maside, todas moi próximas entre si: Louredo, Eirexe e Mundín de Garabás, Santa Comba, O Pazo, Rañestres e Maside, xuntando así, nun área de escasos quilómetros, unha zona de grandísimo interés pola acumulación dos bens patrimoniais deste concello do rural.

Para potenciar a sinalización dos recursos turísticos, instaláronse sete paneis identificativos/interpretativos que permitirán a interpretación histórica dos diferentes monumentos. Todos e cada un dos paneis contarán con códigos QR que remitirán a unha plataforma web na que ampliar a información da ruta e de cada un dos bens presentes na mesma. Así como para poder ter acceso aos tracks de navegación en GPS, galería fotográfica, etc. Neste espazo web presentarase o conxunto mediante o emprego das últimas tecnoloxías para difusión de contidos.

Preténdese coa execución das obras aquí descritas a posta en



Instaláronse sete paneis identificativos e interpretativos.

valor dos puntos turísticos de maior relevancia dentro do Concello de Maside, tanto dende un punto de vista cultural como histórico. Relacionando as diferentes Igrexas de estilo Románico, de grande valor patrimonial e todas recollidas no catálogo da Dirección

Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, cos restos de dúas torres medievais, únicos exemplos de arquitectura civil medieval na contorna, merecedoras de visibilización e protección. Conformando así un roteiro cultural digno de recoñecemento.

O mosteiro de Oseira terá un novo albergue de peregrinos

Alfonso Rueda, vicepresidente primeiro da Xunta, visitou as actuacións que se están a levar a cabo no mosteiro de Oseira (San Cristovo de Cea) para rehabilitar o antigo albergue, garantir a accesibilidade e construír novas dependencias para os peregrinos que percorren a ruta da Vía da Prata. Os traballos enmárcanse no Plan de Albergues 2019-2021, dotado con 7 millóns de euros, co que se busca reforzar de cara ao Xacobeo 2021 a rede pública de albergues, que na actualidade conta con 70 establecementos.

Ademais, neste caso, representa un exemplo da aposta da Xunta pola rehabilitación de edificios con valor histórico e patrimonial, que encaixa cos valores de sustentabilidade do Camiño de Santiago. Os traballos inclúen a rehabilitación do antigo albergue con melloras na planta baixa e primeira planta nas zonas de vestíbulo ou aseos, xunto coa construción dun novo albergue de 40 prazas nun espazo do mosteiro en desuso que



As actuacións forman parte do Plan de Albergues 2019-2021.

contará ademais con zona común, aseos, baño adaptado para persoas con discapacidade e cociña.

Trátase, por tanto, dunhas instalacións accesibles co obxectivo de ofrecer un Camiño para todos, e nas que tamén se implantarán medidas de aforro enerxético. As dúas dependencias destinadas a peregrinos estarán plenamente integradas e conectadas entre si. Alfonso Rueda destacou que era preciso contar cun albergue “nun lugar tan emblemático e de parada

obrigada” para os peregrinos que realizan esta ruta.

Rueda incidiu en que con estas melloras preténdese “dotar de máis albergues e prazas á rede pública para acoller aos peregrinos que teñan previsto facer o Camiño”, aos que lembrou que “contarán con tódalas garantías con rutas seguras” nas que se levan a cabo tódalas medidas hixiénico-sanitarias fronte á covid-19 establecidas polo Instituto para a Calidade Turística (ICTE).

Cuberta para o parque infantil da alameda de Maside



Gabriel Alén, primeiro pola dereita, co alcalde de Maside, José Manuel Iglesias.

AXunta construíu unha cuberta no parque infantil da alameda de Maside. Esta liña de axudas da Xunta conta cun orzamento de catro millóns de euros, un millón máis que o exercicio anterior, e precisamente na convocatoria deste ano prima os proxectos de cubrición de parques infantís. A través

desta orde, os concellos poden crear, mellorar ou reformar infraestruturas básicas dos servizos municipais.

Gabriel Alén, delegado da Xunta, dixo que “este tipo de actuacións aumentarán a vida útil dos elementos do parque infantil, precisamente por atoparse guarecidos das inclemencias meteorolóxicas”.

O proxecto “Raia Termal” amplía as infraestruturas termais en Bande

Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, xunto con José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e Sandra Quintas, alcaldesa de Bande, participaron no acto de inauguración da nova área de autocaravanas de Bande, unha iniciativa incluída no proxecto de cooperación transfronteiriza “Raia Termal” para aumentar e mellorar as infraestruturas e servizos turísticos nesta zona termal da Baixa Limia, ás beiras do encoro das Conchas. Baltar, logo de percorrer as instalacións, manifestou que “este novo paso do proxecto “Raia Termal” ven de ratificar o compromiso que adquirimos no seu día para a recuperación ambiental, a posta en valor das contornas naturais vencelladas ao termalismo e a mellora das infraestruturas, como

ferramenta de promoción turística e dinamización económica”. As augas termais, engadiu, “non entenden de fronteiras, e o caso dos recursos termais da Baixa Limia constitúen un claro exemplo polo forte atractivo que teñen entre os nosos veciños portugueses, como así se pode comprobar na significativa presenza de turistas lusos na area termal de Bande”.

O proxecto transfronteirizo destinou a esta área de autocaravanas un investimento de 130.000 euros, financiados pola Deputación de Ourense e a Confederación Hidrográfica. O novo espazo permitiu habilitar 28 prazas de aparcamento temporal que inclúen servizos específicos para este tipo de vehículos, como sistemas de baleirado de augas grises e negras, tomas de auga potable e depósitos para a recollida de residuos sólidos domésticos.

Situada xunto ao Centro de Interpretación Aquae Querquennae-Vía Nova e a área recreativa fluvial das Conchas, a uns metros do campamento romano e da zona termal, esta nova infraestrutura permitirá “sacar” o turismo de autocaravanas da área termal dos Baños, ofrecendo ademais unha zona verde para o descanso e o lecer do visitante dotada de mesas e bancos, papeleiras, iluminación e billas de rega.

A área de estacionamento, que será de acceso libre e gratuito, contará con paneis informativos para o correcto uso das instalacións. Os vehículos poderán acceder desde o vial que comunica a estrada OU-540 con Porto Quintela, mentres que os usuarios poderán utilizar un camiño público peonil para acceder, a través dunhas escaleiras de nova construción, á travesía central de Porto Quintela.



Inauguración do espazo para autocaravanas.

Proxecto europeo

O proxecto europeo Poctep “Raia Termal: dous países un destino”, é unha iniciativa de cooperación transfronteiriza que conta cun orzamento de máis de 2,6 millóns de euros, dos que un 75 % están co-financiados con fondos FEDER. O seu obxectivo é crear unha rede de cooperación entre Ourense e o norte de Portugal para potenciar a riqueza termal desta contorna transfronteiriza. No proxecto participan como socios a Deputación

de Ourense, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e as cámaras municipais portuguesas de Melgaço e Terras de Bouro. A zona de actuación do proxecto abrangue o sur da provincia de Ourense e o norte de Portugal, nomeadamente aos núcleos termais transfronteirizos dos ríos Miño, formado polo eixo Cortegada-Melgaço, e o río Limia, con Bande, Muíños e Terras de Bouro.

Unha guía recolle boas prácticas sobre xestión do patrimonio cultural

O parador de Santo Estevo acolleu unha xornada de traballo no marco do proxecto europeo “Keep On”, liderado polo Inorde, na que se presentou unha guía de boas prácticas sobre xestión do patrimonio cultural. Un traballo, afirmou o presidente do Inorde e vicepresidente primeiro da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, “no que recolleemos todos aqueles exemplos que nos poden dar pautas para mellorar as políticas públicas sobre patrimonio cultural”.

Na apertura da xornada, Rosendo Fernández destacou que todas estas experiencias “permitirán desenvolver proxectos de alta calidade, con resultados sustentables, onde máis aló do investimento de fondos públicos en rehabilitación e conservación se planifique unha estratexia que valorice e garanta a viabilidade futura deses proxectos”.

Na convocatoria, que incluíu a presentación dun borrador do plano de acción, onde figurarán todas as recomendacións que axudarán a mellorar as polí-



A guía presentouse no parador de Santo Estevo (Nogueira de Ramuín).

ticas en materia de patrimonio cultural, participou o director do Parador de Santo Estevo, Miguel Castro, como exemplo de boa práctica incluída na guía presentada hoxe, así como o xestor cultural do Concello de Celanova, Antonio Piñeiro, para falar da xestión do patrimonio cultural ourensán.

O proxecto europeo “Keep On”, dentro

do programa Interreg Europa e con fondos Feder, conta cun orzamento de preto de 1,4 millóns de euros e unha duración de cinco anos. Liderado polo Inorde, ten como socios a entidades rexionais e locais de Polonia, Grecia e Países Baixos, ademais de asociacións de desenvolvemento territorial de Portugal, Italia e Croacia.

XX Correlingua no IES AS Lagoas

As restricións sanitarias pola COVID obrigaron a adialo en primavera, pero a vixésima edición da Correlingua volveu cun programa orientado a transmisión en redes desde espazos seguros. Entre eles, o salón de actos do IES As Lagoas, que contou coa actuación das Aldaolado -Lucía Aldao e María Lado- e coa proxección do vídeo que gañou o premio Correlingua na categoría de secundaria, EBI, realizado por alumnos do CPR Seminario Menor.

A Concellería de Cultura do Concello de Ourense, organizadora entre outros desta actividade educativa e festiva a favor dos dereitos do uso da lingua galega, substitúe así as tradicionais ruadas, xogos populares e festa final no Auditorio por un acto adaptado aos tempos de emerxencia que estamos a vivir e que poderá seguirse en directo.

Cada ano, máis de 20.000 rapaces e rapazas en idade escolar participan no Correlingua. Na súa vixésima edición xa hai casos de profesorado que no seu día participou como alumnado.

Marilar Aleixandre, gañadora do XXXIX “Premio Blanco Amor”

A escritora Marilar Aleixandre é a gañadora do XXXIX Premio de novela longa “Eduardo Blanco Amor” pola súa obra *As malas mulleres*, presentada baixo o lema “Láudano”, e na que se relata a historia das coñecidas como “visitadoras de cárceres”, nun consistente retrato do último terzo do século XIX. O xurado escolleu por unanimidade a obra gañadora de entre un total de 32 orixinais presentados a este certame, organizado pola Deputación de Ourense, en colaboración coa Fundación “Eduardo Blanco Amor”, e dotado cun premio de 15.000 euros.

A novela gañadora retrata o tramo final do século XIX, a través dunha historia conducida polas personaxes centrais do relato, Juana de Vega e Concepción Arenal, e na que segundo reflicte a acta do fallo “recoñece e destaca, literariamente, o traballo das chamadas visitadoras de cárceres e as súas ideas progresistas e pioneiras”. Un traballo no que a autora “incorpora con habelencia elementos poéticos que reforzan unha trama ben estruturada e



O xurado do certame.

compensada que enriquece o relato”, destacaron os membros do xurado.

Académica

Marilar Aleixandre, bióloga e catedrática “ad honorem” de la Universidad de Santiago de Compostela, ten unha recoñecida traxectoria na escrita galega. Autora do primeiro libro de ciencias en galego, Aleixandre ten unha ampla carreira como narradora, poeta e ensaísta, sendo ademais académica de número e membro da directiva da Real Academia Galega.

O xurado da presente edición

do Premio Blanco Amor estivo integrado por Luís González Tosar, como presidente; María Canosa, secretaria; e Avelina Rodríguez, Luciano Rodríguez e Xan Carballa, como vogais. Coincidindo coa próxima convocatoria deste galardón, que en 2021 alcanzará a súa 40 edición, a Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco Amor proxectan ampliar a repercusión do certame, con máis iniciativas para impulsar a participación e promover unha maior difusión e valorización da figura do escritor ourensán.

O XXIV Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais entregouse en Allariz



O acto celebrouse no salón de plenos.

A Casa do Concello de Allariz foi o escenario da entrega do “XXIV Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais”. Félix Castro Vicente foi o galardoado nesta edición de 2020, ca obra “Do doutor Alveiros á porta de palla. O ocultismo na obra e vida de Vicente Risco”.

Debido a situación xerada pola Covid-19, o acto de entrega realizouse sen público. Asistiron representantes do Concello de Allariz, Cristina Cid, alcaldesa de Allariz e Alberto Conde, concelleiro de Cultura, Sara Inés Vega Núñez alcaldesa de Castro Caldelas así como representantes da Fundación Vicente Risco.

Plan especial de protección do casco histórico para Baños de Molgas



Xaime Óscar Iglesias Pérez, alcalde de Molgas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará a través de préstamos sen xuros un total de 50.000 euros ao Concello de Baños de Molgas (Ourense) co obxecto de axudarlle a financiar a redacción do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Baños de Molgas e do núcleo rural de Santa Eufemia. Con este fin, a conselleira Ángeles Vázquez e o alcalde Xaime Óscar Iglesias Pérez asinaron telemáticamente dous convenios de colaboración que lle darán acceso ao municipio ao Fondo de

Cooperación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), un instrumento de apoio aos concellos de menos de 50.000 habitantes para o financiamento de obras de rehabilitación e conservación do patrimonio construído.

En concreto, o Concello de Baños de Molgas poderá dispoñer de 20.000 euros para redactar o plan do núcleo rural de Santa Eufemia e de 30.000 para o plan especial do Casco Histórico, unha contía que poderá devolver ao IGVS en oito anualidades, de forma cómoda e sen xuros.

As rutas ciclistas protexidas nas estradas xa teñen sinalizacións

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, trala visita institucional ao Concello de Baños de Molgas, desprazouse á estrada OU-103 para asistir ao inicio dos traballos de sinalización de rutas ciclistas protexidas que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vai desenvolver nas estradas autonómicas da provincia de Ourense.

Os traballos desenvolveranse na ruta protexida ES-OU-02, Maceda – Almoite – Milagros – Maceda, principiando na estrada OU-103, no PQ aprox. 4 + 760. A continuación están programadas estas tarefas no ámbito da ES-OU-01, Ourense – Ribadavia –

Ourense, e na ES-OU-03, Ourense – Ribadavia – Leiro – Carballiño – Maside – Ourense. As actuacións iranse estendendo ao longo de decembro aos traxectos deportivos protexidos das vías autonómicas das provincias, de Lugo e da Coruña.

Deste xeito, actuarase nun total de 10 percorridos das estradas autonómicas das catro provincias, onde se instalarán máis de 300 sinais e paneis para que os condutores estean alerta da presenza dos ciclistas. As actuacións prestarán ademais especial atención ao mantemento das beiravías. O obxectivo destas intervencións é incrementar a seguridade nas rutas habituais dos ciclistas de-

portivos.

Esta actuación de protección dos usuarios vulnerables das estradas, que se enmarca no Plan de Seguridade Viaria da Xunta, céntrase nos ciclistas deportivos, tendo en conta as características diferenciais deste colectivo no uso das estradas, que fai preciso intervencións adaptadas ao colectivo.

Os ciclistas deportivos circulan a unha velocidade moito maior, polo que teñen que desprazarse pola calzada, preferentemente pola beiravía. Isto provoca situacións de maior vulnerabilidade e actuacións como estas van encamiñadas a reforzar a súa seguridade.

Monforte con Eduardo Iglesias ante o seu novo reto do Dakar

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, deu a coñecer, xunto ó piloto de motos, o monfortino Eduardo Iglesias, o equipo que en xaneiro de 2021 participará nunha nova edición do rally Dakar, sendo por segundo ano consecutivo o primeiro motorista monfortino en facelo. Na presentación, Tomé e Iglesias estiveron acompañados pola

tenente de alcalde, Gloria Prada, o concelleiro de Servizos, José Luis Losada, e por un dos membros do equipo do piloto monfortino, Jesús Veloso Cachaldora.

O rexedor, ademais de manifi-

porciona ó equipo do piloto monfortino, “unha axuda de 5.000 euros que sen dúbida contribuirá a que de novo Monforte e á Ribeira Sacra estean representados nun evento deportivo que xera un enorme seguimento e ten unha repercusión mundial, con máis de 200 millóns de telespectadores”.

Da mesma forma, o rexedor municipal recordou que hai máis ou menos un ano por estas datas tiña lugar no Centro do Viño a presentación do equipo de Eduardo Iglesias, na que era a súa primeira participación neste mítico rally. “Eran moitas as expectativas e as ilusións que poñíamos todos en Eduardo, pois era a primeira vez que un piloto monfortino

participaba no Dakar, e a través del estaba representada non só a nosa cidade, senón tamén a Ribeira Sacra, e toda Galicia, xa que era o único motorista galego que participaba neste rally”, salientou o alcalde.

Eduardo Iglesias superou todas as previsións na súa primeira participación no Dakar: non só conseguiu rematar o que é o rally máis duro do mundo, que se celebrou en terras de Arabia Saudita, senón que ademais fixoo entre os 100 primeiros clasificados, nunha meritorio posto 94. “Este ano non lle imos pedir menos porque estou seguro de que Eduardo e o seu equipo volverán a dalo todo, co obxectivo de volver



Os edís posando co deportista

a rubricar unha exitosa participación nesta edición do Dakar, que transcorrerá, como en 2020, por terras de Arabia Saudita do 3 ó 15 de xaneiro de 2021” destacou o rexedor municipal.

Tomé Roca manifestoulle o seu orgullo, e o de todos os monfortinos, por representar de novo a Monforte e á Ribeira Sacra nun

evento deportivo desta índole, e desexoulle o maior dos éxitos nesta segunda participación no Dakar. Eduardo Iglesias agradeceu o apoio que recibiu tanto dende o Concello como dende a Deputación de Lugo para este novo reto, e comprometeuse a acadar os éxitos conseguidos na súa primeira participación.

A antiga Cámara Agraria de Guntín será Cuartel da Garda Civil

A antiga Cámara Agraria albergará o Cuartel da Garda Civil da localidade de Guntín logo das obras executadas polo obradoiro de emprego Ponte de Areas III, promovido polo Concello do Páramo xunto cos do Corgo e Guntín. O taller, que está financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade con 462.500 euros, iniciou a súa actividade hai un ano e finalizará a mediados de decembro. Arias explicou que por mor da pandemia da covid-19 prorrogouse algo máis de tres meses con respecto á duración prevista, o que obrigou a ampliar o orzamento inicial en 126.100 euros.

En canto ás obras executadas nos demais municipios, no Páramo o proxecto incluíu a rehabilitación da escola de Saa para casa de maiores e a instalación dunha fonte no campo da Capela de Paredes. Pola súa banda, no



Membros do obradoiro de emprego.

Corgo urbanizaron os terreos da contorna do Punto de Atención á Infancia (PAI), construíron un alxibe para previr incendios no lugar do Hospital e recuperaron a antiga escola de Chavín, na parroquia de Fonteita.

No obradoiro formáronse vinte persoas en especialidades relacionadas coa construción e a urbanización.

Os participantes teñen un contrato de traballo mentres participan na actividade e ao finalizar poden acreditar as ensinanzas recibidas cun certificado de profesionalidade. Do funcionamento do taller encargáronse unha persoa no posto de dirección, outra en administración e tres monitores de abanellería.

O ex-alcalde lucense Notario Vacas presentará dous libros no Concello



Lara Méndez con Tomás Notario Vacas.

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, recibiu a Tomás Notario Vacas, rexedor da cidade entre os anos 1976 e 1977 e durante a etapa de 1991 a 1995, con quen mantivo unha longa conversa sobre temas de cidade e sobre a súa evolución. O que foi primeiro mandatario lucense presentoulle á rexedora os dous libros autobiográficos que recompilan as súas memorias, ‘Dónde nace una vida’ e ‘Lex dura lex, objetivo cumplido, alcalde abatido’, onde repasa episodios da súa vida familiar, profesional e da súa etapa política. Ambas as dúas obras foron editadas e custeadas polo seu autor, e o que recaúde da súa

venda o quere entregar a organizacións benéficas.

A rexedora pechou con Notario Vacas o desenvolvemento dun acto de presentación das súas obras no mesmo Concello de Lugo. “Acto co que queremos recoñecer o seu traballo a prol da cidade, así como o honramos tamén na entrega das Medallas de Ouro do pasado ano, distinción que recibiu xunto con todos os alcaldes que rexeron os destinos do noso municipio desde que se instauraron as corporacións democráticas”. “Ese día, desgraciadamente, Notario Vacas non nos puido acompañar por motivos de saúde”, segundo lembrou Lara Méndez.